

## A PONTEVEDRA.

---

(Traduccion del francés.)

N-o seu dobre golfo á Naples  
Vin cal se pinta indolente

Docemente

N-as ondas d' un mar azul:  
Vin o veiral frorixento  
Onde durmiña Sorrento  
Por entre nubes de tul.

---

Atravesei o deserto  
Por areal dilatado

Requeimado

Debaixo toldos durmin:  
E d' o Atlas mui fragoso  
Por relanzo pedregoso  
Ó cume inmenso subin.

---

En vao seus ricos tesouros  
A Africa abrasadora,

E encantadora

A Italia á min me amostrou;  
Que eu seguia indiferente,  
Mais n-o seu xardin «detente»  
Me dixo Helene, e barou.

---

Ademiro esa campiña  
Que o Lérez baixo o mosteiro  
perguiceiro

Párez que a deixa á pesar:  
Copa d' auga que retrata  
Frorestas n-a faz de prata  
Que as pombas van á bicar.

---

Esa ria serpentando  
Entre veirales que afagan  
E que apagan  
A ronca voz d' o oucean,  
Que d' a escuma mimosiño  
Prateado ribetiño  
Fai n-a area e lambe o chan.

---

Eses xa desertos muros  
De góticos menumentos  
D' os conventos,  
E arcadas dobres de ver:  
Pazos que teñen escudos,  
C' os héroes testigos mudos  
Que ese pobo debeu ter.

---

Esas murallas sombrías  
Co' as edras, manto labrado  
Regalado  
Pol-o tempo que pasou:  
A alameda onde as tuas fillas  
Fân bulir tral-as mantillas  
Ollos que o Sultán soñou.

---

Pro ántes que os teus outeiros,  
Que a ria, montes e prados  
Tan prezados,  
Tua xente é de mais valor;  
Pois si puxo ahí Deus con maña,

A xoya millor de España,  
Honra ela á patria d' o honor.

---

¡Ai! n-esa alegre ribeira  
Que me fixo mais amada,  
Cubizada

A feiteira amistá,  
Quixera determe ainda  
Por vivir n-a ilusion linda  
Que entre alas d' ouro me dá.

---

A Deus, Pontevedra hermosa!  
D' os praceres que ahí encerra  
Mar e terra  
Quixera eu sempre gozar....!  
Mais ¿qué mortal n-este mundo,  
Si goza un soño xocundo,  
Deixa n-el de despertar!

JUAN MANUEL PINTOS.

---

### A FONTE D' O PICO SAGRO.

---

Fontiña d' humilde traza,  
En que o pastoriño *ullan*,  
Saltando pol-a carpaza,  
A beber chega n-o bran,  
E ó lado teu se solaza;

R. 6.889


GRAMATICA  
GALLEGA

POR

DON JUAN A. SACO ARCE,

PRESBITERO,

CATEDRÁTICO EN EL INSTITUTO DE SEGUNDA ENSEÑANZA DE ORENSE.



LUGO.  
IMPRESA DE SOTO FREIRE.  
Calle de San Pedro, núm. 31.  
1868.